



## Guía Docente

Datos Identificativos				
			2023/24	
Asignatura (*)	Intervención na Demencia	Código	651516012	
Titulación	Mestrado Universitario en Discapacidade e Dependencia (plan 2015)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Franco Taboada, Victoria	Correo electrónico	v.franco@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia busca formar ao estudante no manexo actual do diferentes tipo de demencia desde unha perspectiva de intervención psicosocial. Abórdanse os diferentes instrumentos de avaliación así como os programas de intervención, de face a que sexa capaz de deseñar e executar proxectos de investigación que valoren a eficacia dos mesmos.			

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A18	CEIP3. Ser capaz de integrar coñecementos avanzados acerca da identificación e intervención psicolóxica da deterioración cognitiva.
A19	CEIP4. Capacidade para deseñar e executar proxectos de investigación no campo da intervención psicolóxica na deterioración cognitiva.
A24	CEIP9. Ser capaz de integrar coñecementos avanzados no campo da problemática derivada do coidado a persoas dependentes.
A25	CEIP10. Capacidade para deseñar e executar proxectos de investigación no ámbito da problemática derivada do coidado a persoas dependentes.
B2	CB7. Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B7	CG2 Identificar, avaliar e resolver os problemas derivados da presenza de discapacidade e dependencia
B9	CG4 Ser capaz de intervir na problemática derivada da discapacidade e da dependencia
B10	CG5 Capacidade para integrar coñecementos científicos de carácter avanzado ligados ao ámbito da discapacidade e a dependencia
C6	CT6. Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas aos que deben enfrontarse
C7	CT7. Ser capaz de valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade?

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as características e problemática das demencias	A18 A124	BI10	C16 C17
Manexo dos instrumentos de valoración e estratexias de intervención nas persoas con demencia.	A18 A124	BI2 BI7 BI9 BI10	
Ser capaz de deseñar proxectos de investigación relacionados coa valoración e intervención de persoas con demencia	A19 A125	BI10	C17

## Contidos

Temas	Subtemas



TEMA1.- Reserva cognitiva e deterioro cognitivo lixeiro	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Reserva Cerebral</li><li>2. Reserva Cognitiva<ol style="list-style-type: none"><li>2.1. Variables que interveñen na reserva cognitiva. A educación</li><li>2.2. As actividades cotiás</li><li>2.3. A actividade física</li><li>2.4. A actividade mental</li><li>2.5. Actividade social e lecer</li><li>2.6. O estilo de vida</li><li>2.7. A dimensión afectivo-emocional</li><li>2.8. Outros factores</li></ol></li><li>3. A Medición da Reserva Cognitiva</li><li>4. Reserva Cognitiva e DCL<ol style="list-style-type: none"><li>4.1. Deterioro Cognitivo Lixeiro</li></ol></li></ol>
TEMA 2.- Dependencia e demencia. Caracterización da demencia	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Caracterización da dependencia</li><li>2. Condicionantes sociodemográficos da dependencia. Protección social</li><li>3. Dependencia e demencia</li><li>4. Caracterización da demencia<ol style="list-style-type: none"><li>4.1. Déficits cognitivos</li><li>4.2. Déficits sociais</li><li>4.3 Déficits afectivo-motivacionais</li><li>4.4. Trastornos de conduta</li></ol></li><li>5. Tipos principais de demencias</li><li>6. A demencia de Alzheimer</li></ol>
TEMA 3.-A avaliación da demencia	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Características fundamentais da avaliación xerontolóxica</li><li>2. Características específicas da avaliación psicolóxica das persoas maiores</li><li>3. A avaliación da demencia<ol style="list-style-type: none"><li>3.1. A avaliación do funcionamento cognitivo.<ol style="list-style-type: none"><li>3.1.1. A Avaliación da memoria</li></ol></li></ol></li><li>4. Avaliación das capacidades funcionais</li><li>5. Avaliación dos trastornos de conduta</li></ol>
TEMA 4.- A estimulación cognitiva	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Plasticidad cognitiva. Estimulación e funcionamento cognitivo</li><li>2. A estimulación cognitiva<ol style="list-style-type: none"><li>2.1. Concepto de estimulación cognitiva</li><li>2.2. Antecedentes da estimulación cognitiva</li><li>2.3. Efectos da estimulación cognitiva</li></ol></li><li>3. Os programas de estimulación cognitiva</li><li>4. Características dos programas de E.C.: obxectivos, estrutura e secuencia de aplicación</li><li>5. Estratexias e técnicas psicolóxicas utilizadas na estimulación cognitiva</li></ol>
TEMA 5.- Os trastornos de conduta nos maiores con demencia.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A intervención nos trastornos de conduta do maior con demencia</li><li>2. Técnicas para xestionar a conduta</li><li>3. Pautas xerais de intervención en los trastornos de conducta</li><li>4. Orientacións para a intervención no comportamento agresivo</li><li>5. Orientacións para a intervención na deambulación.</li><li>6. Orientación para a intervención nas alucinacións</li><li>7. Orientacións para a intervención na axitación.</li><li>8. A atención psicolóxica ao cuidador de maiores con demencia.</li></ol>



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A18 A19 A24 A25 B2 B7 B9 B10 C6	30	0	30
Recensión bibliográfica	A18 B10 C6 C7	0	30	30
Estudo de casos	A25 B2 B7 B9	17	38	55
Proba mixta	A19 A25 B2 B7 B9	2	0	2
Sesión maxistral	A18 A24 B10 C6 C7	25	0	25
Atención personalizada		8	0	8

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Recensión bibliográfica	Proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración súa en relación coa literatura existente sobre o tema.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto ás primeiras, recolle preguntas abertas de desenvolvemento; as segundas, poden combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario Estudo de casos	A través dos seminarios, estudo de casos e realización de traballos tutelados o profesor proporcionará atención personalizada ao estudante.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A18 A24 B10 C6 C7	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.	5
Seminario	A18 A19 A24 A25 B2 B7 B9 B10 C6	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.	5
Recensión bibliográfica	A18 B10 C6 C7	Proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración súa en relación coa literatura existente sobre o tema	5



Estudo de casos	A25 B2 B7 B9	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.	15
Proba mixta	A19 A25 B2 B7 B9	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxetivas.	70

### Observacións avaliación

O

alumnado que, tendo recoñecida a condición de estudante a tempo parcial, teña solicitado no Decanato a dispensa académica mantense o mesmo criterio que para os estudantes que estean a tempo completo.

a.

Para a primeira oportunidade con respecto os criterios e actividades de avaliación para este alumnado, teranse en conta a distribución das cualificacións para cada unha das metodoloxías reseñadas anteriormente, cunha porcentaxe dun 20% de dispensa da asistencia.

b.

Para a segunda oportunidade os criterios de avaliación para este alumnado centraranse unicamente nos resultados da proba mixta (obxectiva e preguntas cortas. Puntuación sobre 10), coas excepcións aprobadas polos docentes da asignatura.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- Myron F. Weiner, Anne M. Lipton (2010). Manual de enfermidade de Alzheimer y otras demencias. Madrid : Editorial Médica Panamericana
- RG Cabanach (2007). La atención psicológica al cuidador. : El estrés del cuidador. A Coruña: PSICOEDUCA
- Deví, J., Deus, J. (2004). Las demencias y la enfermedad de Alzheimer una aproximación práctica e interdisciplinar. Barcelona: ISEP
- F Bermejo (2004). Aspectos familiares y sociales del paciente con demencia. Madrid : Díaz de Santos
- V Fernández-Merino (2013). El alzheimer : día a día : qué es y cómo se presenta, qué decisiones tomar, cómo cuidar al enfermo, cuidados para el cuidador, guía práctica de actuaciones. Madrid : Jardín Verde

#### Bibliografía complementaria

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Non se precisan requisitos previos para cursar a materia

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

